

# **BASES REGULADORAS DO PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RODEIRO.**

## **Artigo 1. Definición.**

O P.A.I é un establecemento de titularidade municipal , de carácter gratuito encadrado dentro dos Servizos Sociais e que ten como finalidade , prestar unha atención e apoio ós pais , titores ou gardadores d@s nen@s de 0 a 3 anos ; cando concurren situacións ou circunstancias que lle impidan o seu coidado , favorecendo sempre a conciliación da vida laboral e familiar.

## **Artigo 2. Horario.**

Establécese como horario do servizo , de luns a venres de 8:30 a 14:30 horas e de 16:00 a 19:00 horas. Non obstante este horario poderase variar segundo se presenten necesidades obxectivas para o seu posible cambio.

## **Artigo 3. Beneficiarios .**

Serán beneficiari@s do P.A.I municipal todas aquelas familias con menores, de idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos . Excepcionalmente e só en casos de urxencia valorada polos Servizos Sociais Municipais , poderase acoller a nenos ata 6 anos de idade.

## **Artigo 4. Niveis de atención.**

O P.A.I do concello de Rodeiro , comprenderá os niveis de atención de garda , educativo e pedagóxico.

## **Artigo 5. Solicitudes.**

Faráanse en modelo oficial , facilitado nas oficinas municipais ( Anexo I ) .

Calquera veciñ@ do concello con menores ó seu cargo entre 0 e 3 anos , poderá solicitar praza no prazo e condicións que o concello fará públicas anualmente . Para este ano 2005 fixarase como data inicial de presentación de solicitudes dende o vindeiro 2 de maio ata o 18 do mesmo mes, ambos incluídos.

## **Artigo 6. Documentación .**

Ademais da solicitude , os interesados deberán obrigatoriamente achega-la seguinte documentación:

- D.N.I. dos membros maiores de 16 anos que formen parte da unidade familiar.
- Tarxetas sanitarias dos pais ou titores , ademáis da d@ menor pol@ que presenten solicitude de acceso.
- Libro de Familia.

- Xustificación dos ingresos de tódolos membros da unidade familiar , que exerzan actividade laboral ; como poden ser as 6 derradeiras nóminas , xustificantes venda de leite dos derradeiros 6 meses; así como xustificantes de gastos xerados polo desenrolo desa actividade gandeira , certificación de pensións percibidas , certificados de percepción de prestacións de desemprego e Declaración do derradeiro I.R.P.F. No caso de non ter obriga de presentar Declaración da Renda , os solicitantes deberán achegar certificación negativa expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificado de empadronamento e convivencia
- Outros documentos se proceden , nos que consten incidencias familiares , económicas e sociais puntuables nos distintos baremos.
- Certificado médico de cada menor , facendo constar se padece enfermidade algunha e se precisa medicación ó respecto.
- Cartilla de vacinacións o día.

No caso de que a solicitude non reúna os requisitos esixidos polo concello , éste requerirá @ interesad@, para que nos prazo de 10 días enmende os erros detectados ; con indicación de que se así non o fixerá se terá por desestimada a súa petición.

### **Artigo 7. Procedemento.**

As solicitudes para acceder ós servizos que se prestarán no P.A.I municipal formalizárase por escrito , a través da instancia dirixida ó Sr.Alcalde – Presidente da corporación municipal , adxuntando a documentación indicada no artigo 6.

Recibida a instancia xunto coa documentación , procederase pol@s técnicos responsables dos SS.SS , á comprobación dos datos aportados , avaliando as solicitudes segundo baremos establecidos (Anexo II) e elaborando un informe sobre a puntuación acadada, que posteriormente será elevado á Xunta de Goberno Local, que será quen decidirá en derradeira instancia .

Nos casos de urxencia motivada , nestas situacións será o Alcalde – Presidente quen decidan a concesión ou denegación do servizo , dando conta delo na seguinte Xunta de Goberno que se realice.

### **Artigo 8. Profesionais responsables.**

O traballo de atención desenvolvido no P.A.I do concello de Rodeiro , será levado a cabo por personal, que cumprindo coas titulacións apuntadas dende a Consellería de Familia , Xuventude . Deporte e Voluntariado ; decida contratar a Xunta de Goberno Local , logo de oferta de emprego.

Este personal tamén contará co apoio d@ técnico de Servizos Sociais do concello.

### **Artigo 9. Adxudicación de prazas.**

O número máximo de prazas ofertadas será de 20 ; sendo cubertas únicamente 18 , quedando así 2 prazas sempre en reserva, por sí xurdiran algún caso de urxente e inmediata atención ; remitidos éstos sempre dende os SS.SS do concello.

Terán prioridade , os que acadaran maior puntuación no proceso de baremación ; quedando as restantes solicitudes puntuadas e valoradas en lista de espera.

### **Artigo 10. Obrigas e deritos para pais , nais ou titores.**

Os dereitos e deberes ós que estarán expostos e suxeitos os usuari@s deste servizo son os que se contemplan nos artigos 36 e 37 da Lei 4/1993 do 14 de Abril, de servizos sociais. Ademáis será obrigatorio para os responsables dos menores, proveelos diariamente do material necesario en cantidade suficiente para o desenrolo da xornada ; sendo orientativa a cantidade de cinco pañais diarios , leite maternizada , biberóns e papillas suficientes para as comidas que precisen.

Ademais desto será necesario que se acompañe unha muda completa para cambiar @s nen@s se fose necesario.

Baremación do Expediente:

Datos Persoais do Solicitante:

Nome apelidos

DNI

Domicilio

E.C.

Datos do Menor

**1.SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR**

- 1.1 Por cada membro de unidade familiar ..... 4 puntos
- 1.2 Por cada persona que non forme parte da unidade familiar, e estea a cargo dela ..... 2 puntos
- 1.3 Por cada membro da unidade familiar afectada por discapacidade física, psíquica ou sensorial, enfermidades que requiran internamento periódico, alcoholismo e ou drogadicción ..... 4 puntos
- 1.4 Familia monoparental..... 6 puntos
- 1.5 Por cada menor en idade escolar ..... 2 puntos
- 1.6 Por ausencia no domicilio familiar dun dos pais por motivos laborais 4 puntos
- 1.7 Pola condición de familia numerosa ..... 6 puntos
- 1.8 Calquera grave circunstancia familiar debidamente acreditada ata.... 6 puntos

**2. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR**

- 2.1 Ocupación de ámbolos dous membros parentais ..... 8 puntos
- 2.2 Situación laboral de desemprego sen prestación económica:  
Pai \_\_\_\_\_ 4 puntos  
Nai \_\_\_\_\_ 4 puntos
- 2.3 Situación laboral de desemprego con prestación económica:  
Pai \_\_\_\_\_ 2 puntos  
Nai \_\_\_\_\_ 2 puntos

**No caso de familias monoparentais adxudicáraselle a puntuación do epígrafe correspondente, computandoe por dous, exceptuando o número 2.1, en que a puntuación de familia monoparental se asimila á formada polos dous membros.**

### **3.SITUACIÓN ECONÓMICA**

Renta per cápita mensual da unidade familiar, referida ó Salario Mínimo Interprofesional vixente (513€ para o ano 2005)

- 3.1 Inferior ó 50% do S.M.I .....3 puntos
- 3.2 Entre o 50% e o 75% do S.M.I. ....2 puntos
- 3.3 Superior ó 75% e inferior ó 100% do S.M.I. ....1 punto
- 3.4 Entre o 100% e o 125% do S.M.I .....menos 1 punto
- 3.5 Superior ó 125% e inferior ó 150% do S.M.I. ....menos 2 puntos
- 3.6 Superior ó 150% do S.M.I. ....menos 3 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL ACADADA NESTE EXPEDIENTE:

Rodeiro, a de Maio de 2005